

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 19 de decembro de 2006 pola que se modifica e amplía a do 31 de xullo de 2006 que regula o réxime de axudas ás corporacións locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento en concellos de menos de 20.000 habitantes.

A Orde do 31 de xullo de 2006, que regula o réxime de axudas ás corporacións locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento en concellos de menos de 20.000 habitantes, estableceu as bases que rexen a concesión das devanditas axudas, e fíxase no artigo primeiro da orde unha contía do crédito destinado a esta actuación por importe de seis millóns de euros (6.000.000 €) de axuda, con cargo á medida 5.3 de Feder, do Programa operativo integrado para Galicia 2000/2006. O crédito destinado a esta convocatoria recóllese na aplicación: 06.07.231A.760.3, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

Dada a existencia de remanente orzamentario na devandita aplicación e no mesmo Programa operativo integrado do Feder, e constatado o importante compromiso das corporacións locais galegas na elaboración dos plans municipais de protección civil, así como as elevadas necesidades detectadas en relación co risco de incendios ou requirimentos de actuacións de salvamento, procede ampliar a contía total do crédito destinado a esta actuación.

Xa que logo, con pleno respecto aos requirimentos da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006 e dentro da aplicación orzamentaria 06.07.231A.760.3 destes orzamentos, e cumprindo os requisitos exixidos pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Modifícase o artigo 1 parágrafo segundo da Orde do 31 de xullo de 2006, que regula o réxime de axudas ás corporacións locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento en concellos de menos de 20.000 habitantes, que queda redactado como segue:

«A contía do crédito destinado a esta actuación ascende a nove millóns seiscentos trinta mil euros

(9.630.000 €) de axuda, con cargo á medida 5.3 de Feder, do Programa operativo integrado para Galicia 2000/2006. O crédito destinado a esta convocatoria recóllese na aplicación: 06.07.231A.760.3, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006».

Artigo 2º

Establécese un novo prazo para a presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, que será dun mes contado a partir da publicación desta orde de modificación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

Durante este novo prazo de presentación de solicitudes terán plena vixencia os requisitos e condicións establecidos nas bases aprobadas pola Orde do 31 de xullo de 2006, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 164 do día 25 de agosto de 2006. Entenderanse producidas en tempo e forma as solicitudes que co cumprimento dos requisitos establecidos se presentasen ao abeiro da Orde do 31 de xullo de 2006, publicada no DOG do 25 de agosto, agás manifestación expresa de desistencia ou renuncia en contrario.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Protección Civil para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de decembro de 2006 pola que se resolve a do 26 de setembro de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 11 de outubro), de convocatoria das axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.

Por Orde do 26 de setembro de 2006 (DOG do 11 de outubro) convocáronse as axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.

Cumprida a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 9 da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles aos seguintes profesores-investigadores do sistema universitario de Galicia as axudas que a continuación se relacionan, para a estruturación das unidades de investigación e na contía que se indica en cada caso.

Nº EXPED.	SOLICITANTE	UNIV.	DEPARTAMENTO	AXUDA (€) *
2006/41-0	BREA LOPEZ, Mª MERCEDES	USC	FILOLOXIA GALEGA	24.375
2006/17-0	CARIDE GOMEZ, JOSE ANTONIO	USC	TEORIA DA EDUCACION, Hª DA EDUCACION E PEDAGOXIA SOCIAL	24.375
2006/40-0	CARRO FDEZ-VALMAYOR, JOSE LUIS	USC	DEREITO PUBLICO E TEORIA DO ESTADO	24.375
2006/45-0	DE VICENTE REMESAL, JAVIER	UVI	DEREITO PUBLICO ESPECIAL, COMUN, AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	24.375
2006/33-0	DEL RIO OTERO, CORAL	UVI	ECONOMIA APLICADA	24.375
2006/66-0	DEL VALLE-INCLAN ALSINA, FERNANDO	UDC	PSICOLOXIA	24.375
2006/39-0	DIAZ DE CERIO DIEZ, MERCEDES	USC	LATIN E GREGO	24.375
2006/71-0	DIAZ FERNANDEZ, FERNANDO	USC	PSICOLOXIA CLINICA E PSICOBIOLOXIA	24.375
2006/14-0	FANEGO LEMA, M.ª TERESA	USC	FILOLOXIA INGLESA	24.375
2006/30-0	FARIÑA RIVERA, FRANCISCA	UVI	AIPSE	24.375
2006/73-0	FERRAS SEXTO, CARLOS	USC	XEOGRAFIA	24.375
2006/75-0	GARATE CASTRO, JAVIER	USC	DEREITO MERCANTIL E DO TRABALLO	24.375
2006/13-0	GARCIA QUINTELA, MARCO VIRGILIO	USC	LAB. PATRIMONIO PALEOAMBIENTE PAISAXE III	24.375
2006/44-0	GONZALEZ CERDEIRA, XULIA	UVI	ECONOMIA APLICADA	24.375
2006/52-0	HERVES BELOSO, CARLOS	UVI	MATEMATICAS	24.375
2006/20-0	IGLESIAS FEIJOO, LUIS	USC	LITERATURA ESPAÑOLA, TEORIA DA LITERATURA E LING. XERAL	24.375
2006/71-0	LUENGO MARTIN, Mª ANGELES	USC	PSICOLOXIA CLINICA E PSICOBIOLOXIA	24.375
2006/58-0	MILLAN CALENTI, JOSE CARLOS	UDC	MEDICINA	24.375
2006/67-0	PEREZ ALBERTI, AUGUSTO	USC	XEOGRAFIA	24.375
2006/49-0	PRADO PRADO, JOSE CARLOS	UVI	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	24.375
2006/8-0	REY CASTELAO, OFELIA	USC	HISTORIA MEDIEVAL	24.375
2006/65-0	ROJO SANCHEZ, GUILLERMO	USC	LINGUA ESPAÑOLA	24.375
2006/48-0	RUZICKA KENFEL, VELJKA	UVI	FILOLOXIA INGLESA, FRANCESA E ALEMA	24.375
2006/10-0	ZABALZA BERAZA, MIGUEL ANGEL	USC	DIDACTICA E ORGANIZACION ESCOLAR	24.375

*Segundo o artigo 3 da orde de convocatoria do 26 de setembro de 2006 (DOG do 11 de outubro), as axudas serán de aplicación por un período de dúas anualidades (2006 e 2007), prorrogables a outra (2008).

LISTA DE ESPERA				
Nº EXPED.	SOLICITANTE	UNIV.	DEPARTAMENTO	
2006/15-0	PEREZ PEREIRA, MIGUEL	USC	PSICOLOXIA EVOLUTIVA E EDUCACION	
2006/69-0	MAIZ SUAREZ, RAMON	USC	CIENCIA POLITICA	
2006/22-0	SOBRINO MANZANARES, LUISA	USC	HISTORIA DA ARTE	
2006/25-0	ANTELO SUAREZ, MANUEL	USC	FUNDAMENTOS DA ANALISE ECONOMICA	
2006/29-0	VAZQUEZ BUJAN, MANUEL ENRIQUE	USC	LATIN E GREGO	
2006/26-0	BARBEITO VARELA, JOSE MANUEL	USC	FILOLOXIA INGLESA	
2006/63-0	GOY DIZ, ANA EULALIA	USC	HISTORIA DA ARTE	

Segundo.-As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

A presente resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 11 de decembro de 2006, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, convocado pola Orde do 22 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 62, do 1 de abril), pola que se publican as puntuacións obtidas polos aspirantes que superaron o primeiro exercicio.

En sesión que tivo lugar o día 11 de decembro de 2006, o tribunal designado pola Orde do 28 de agosto de 2006, para cualificar o proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, convocado pola Orde do 22 de marzo de 2005 (DOG nº 62, do 1 de abril) e de conformidade co establecido en dita orde de convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Desestimar na súa totalidade as alegacións e reclamacións presentadas polos aspirantes fronte ás preguntas formuladas polo tribunal.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.1.2.1 da convocatoria, superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de 25 puntos, fixándose en trinta (30) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación.

Terceiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao primeiro exercicio do proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Medio Ambiente, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días hábiles, que comenza a contar ao día seguinte a aquel en que se publique esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006.

José Luis Chan Rodríguez
Presidente do tribunal

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 24 de novembro de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se fai pública a adxudicación definitiva da subministración e instalación dun transmisor de televisión dixital terrestre (DVB-T) para o centro emisor do Páramo (Lugo).

En cumprimento do previsto no artigo 93 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño), faise público que o secretario xeral, por desconcentración de competencia segundo o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, acordou darlle publicidade á adxudicación que se indica a continuación:

Subministración e instalación dun transmisor de televisión dixital terrestre (DVB-T) para o centro emisor do Páramo (Lugo).

Adxudicatario: *Egatel, S.L.* por importe de 117.200,25 €.

O que se fai público para os efectos do previsto no artigo 93 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño).

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2006.

P.D. (Disposición adicional 2ª
do Decreto 44/2006, do 2 de marzo)
Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Anuncio do 28 de novembro de 2006, da Zona de Recadación de Vigo, polo que se dá a coñecer a celebración da poxa pública dos bens/dereitos que se citan.

O día 17 de xaneiro de 2007, ás 11.00 horas, nos locais da Zona de Recadación de Vigo (sita na rúa Areal nº 62-local 3 de Vigo), celebrarase a poxa pública dos bens/dereitos que se describen a continuación:

1. Debedor: *Befree Logística, S.L.*

CIF: B-36908903.

-Lote: único.

-Descrición: tarxeta de transporte 10684820/4, tipo MDP, matrícula PO-2213-AZ, mercadoría discrecional pesada.